

**ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA RECEPCIONISTA DA PISCINA (TEMPO PARCIAL) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, COTA XERAL.**

#### **APROBACIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

Sendo as 7 horas e 30 minutos do luns día 29 de xullo de 2024, reúnen na Aula de Formación da Deputación Provincial o Tribunal cualificador e a colaboradora que a continuación se relaciona, nomeados para levar a cabo o proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, nunha praza denominada recepcionista da piscina (tempo parcial), grupo/subgrupo C-C2, cota xeral, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, taxa adicional de estabilización de emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), ao obxecto de aprobar e realizar o primeiro exercicio da fase de oposición:

#### **PRESIDENTA:**

Dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

#### **VOGAIS:**

Don Luis Jesús Fernández Reija, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

#### **COLABORADORA:**


Dona Ana Losada Real, xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

#### **APROBACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

O Tribunal revisados o primeiro exercicio e o documento informativo que se lle entregará ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo, apróbaos por unanimidade e incorpóranse á presente acta.

Levántase a sesión ás 07 horas e 40 minutos, e o Tribunal desprázase ao Concello de Viveiro.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	1/14



**REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

Antes de dar comezo aos chamamentos, no Salón Multiusos do Concello de Viveiro, procédese a preparar o salón cos sobres pechados que conteñen o exercicio tipo test (fechados e selados), un bolígrafo e unha tarxeta de control que servirá para garantir o anonimato das persoas aspirantes, poñéndoos nos lugares habilitados para facer o exercicio.

Sendo as 9 horas e 55 minutos comeza o chamamento das persoas aspirantes segundo a listaxe de persoas admitidas definitiva, publicada no BOP núm. 151 de 01.07.2024.

Comprobada a identidade das persoas aspirantes, coa presentación do DNI, entran no Salón, e acomódanse nos lugares habilitados que elas mesmas escollen. O Tribunal infórmalles de que non poderán abrir o sobre ata que se lles autorice.

Non asisten á realización da proba as seguintes persoas aspirantes:

Nº listaxe (BOP núm. 151, de 01.07.2024)	Apelidos e Nome
1	BLANCO BAZARRA, BELÉN
2	BLANCO BAZARRA, SANDRA
3	DÍAZ GARCÍA, MARÍA DE LOS ÁNGELES
5	GONZÁLEZ SANTEIRO, ISABEL
12	REGO MARTÍNEZ, VANESA
13	SÁNCHEZ PERNAS, MARÍA BEGOÑA
15	YÁÑEZ DEL RÍO, LUCÍA
16	YÁÑEZ DEL RÍO, NATALIA


Preséntanse, polo tanto, 8 aspirantes.

A presidenta do Tribunal procede a dar lectura do documento informativo elaborado que contén a información relativa ao exercicio e os criterios de corrección sen que se formulen preguntas por parte das persoas aspirantes. A maiores do acordado, o Tribunal decide por unanimidade que as preguntas deixadas en branco non descuenten, informando ás persoas aspirantes.

Seguidamente autorízase ás persoas aspirantes a abrir o sobre e coller unicamente a tarxeta de control e o bolígrafo.

A presidenta insiste en que a tarxeta de control será, a partir de este momento, o único documento que identificará ás persoas aspirantes durante todo o proceso selectivo, non

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	2/14



podendo ser substituída por ningún outro. Isto realízase para garantir o anonimato, polo que se remarca que non poñan nas follas do exercicio o nome, apelidos, sinatura nin calquera outra marca que os poida identificar (unicamente o número de control, en todas as follas). Tamén, e co mesmo fin, indica que só se poderá utilizar o bolígrafo contido no sobre.


Cubertas as tarxetas, postas riba da mesa cara abaixo, introdúcense nun sobre que é pechado, lacrado e asinado polo Tribunal diante das persoas aspirantes.

Dá comezo o primeiro exercicio ás 10 horas, dispoñendo as persoas aspirantes de 60 minutos para realizalo, polo que ás 11 horas deberán entregar os exercicios ao Tribunal.

As persoas aspirantes, segundo van rematando dentro do prazo fixado, entregan os exercicios ao Tribunal dentro do sobre pechado, poñendo por fóra o número de control co que participan no procedemento selectivo, e que é asinado polos membros do Tribunal e abandonan de seguido o Salón.

Non habendo máis asuntos que tratar remata a reunión sendo as 10 horas e 55 minutos do luns día 29 de xullo de 2024, de todo o cal eu, secretario, certifico, asinándose dixitalmente a presente Acta a efectos de deixar constancia do acontecido na sesión do día de referencia.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	3/14





**RECEPCIONISTA DA PISCINA (TEMPO PARCIAL)**  
**ESTABILIZACIÓN EMPREGO TEMPORAL (ART. 2 LEI 20/2021)**  
**CONCELLO VIVEIRO**

**INFORMACIÓN RELATIVA AO PRIMEIRO EXERCICIO****1. CONTIDO DO EXERCICIO: EXERCICIO TIPO TEST**

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio.

<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>	30 puntos
<b>NÚMERO DE PREGUNTAS</b>	30
<b>NÚMERO DE PREGUNTAS DE RESERVA</b>	5
<b>NÚMERO DE RESPOSTAS</b>	3 solucións alternativas
<b>CRITERIOS DE CORRECCIÓN, PENALIZACIÓN</b>	1 Punto por cada pregunta contestada correctamente, descontando 0,10 puntos por pregunta contestada incorrectamente.
<b>MODO DE MARCAR A PREGUNTA CORRECTA</b>	Rodeará cun círculo a letra que corresponda á pregunta correcta. No suposto de querer modificar a resposta, poñerá unha X sobre o círculo marcado e rodeará novamente a que considere correcta. Se a resposta non está clara considerárase mal contestada.

**2. TEMPO MÁXIMO PARA A REALIZACIÓN DO EXERCICIO**

60 minutos.

**3. CONTIDO DO SOBRE (non se poderá abrir ata que se reciban instrucións do Tribunal)**

<b>TARXETA IDENTIFICADORA</b>	As persoas aspirantes deberán cubrir a tarxeta cos seus datos persoais e sinatura. Nesta tarxeta figura un número de control, que será o único elemento que identificará ás persoas aspirantes durante a fase de oposición e que será o que deberán poñer nas follas das probas do proceso selectivo. A tarxeta divídese en dúas partes: - Parte pequena que deberá conservar a persoa aspirante como medio de identificación durante todo o proceso selectivo (non pode substituírse por ningún outro documento identificativo). - Parte grande que introducirá nun sobre coa do resto de aspirantes. Este sobre pecharase e asinarase polos membros do Tribunal abríndose unha vez que remate a fase de oposición en sesión pública.
<b>BOLÍGRAFO</b>	As persoas aspirantes só poderán utilizar o bolígrafo que se lles entrega no sobre.
<b>EXERCICIO TIPO TEST</b>	

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	4/14





#### 4. SUPERACIÓN DA PROBA

O exercicio é obrigatorio e non eliminatorio polo que se poderá realizar o segundo exercicio, independentemente da puntuación acadada.

<b>PENALIZACIÓN DA PROBA</b>	Serán anulados os exercicios que conteñan datos persoais, marcas, sinais ou calquera outra reseña que poida identificar ás persoas aspirantes.
------------------------------	--

#### 5.- ENTREGA DA PROBA AO TRIBUNAL

O exercicio entregarase ao Tribunal dentro do sobre no que deberá reflectir o número de control. O sobre pecharase diante da persoa aspirante e será asinado por membros do Tribunal.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	5/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021



**1. Como se organiza territorialmente o Estado, segundo o artigo 137 da Constitución Española?**

- a) En municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.
- b) En municipios, mancomunidades, provincias, territorios insulares e comunidades autónomas.
- c) En municipios, provincias, territorios insulares e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.

**2. Segundo o artigo 140 da Constitución, os municipios:**

- a) Gozarán de personalidade xurídica propia.
- b) Gozarán de personalidade xurídica plena.
- c) Gozarán de personalidade xurídica propia e plena.

**3. Como é a bandeira de Galicia?**

- a) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.
- b) A bandeira de Galicia é azul cunha banda diagonal de cor branca que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.
- c) A bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior dereito ata o inferior esquerdo.

**4. Que é o Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) É o conxunto de leis que rexen no territorio galego.
- b) É a norma institucional básica de Galicia, emana do pobo galego soberano e dos seus emigrantes.
- c) É a norma institucional básica da Comunidade Autónoma de Galicia.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	6/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

**5. Quen goza da condición política de galegos/as segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- b) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa nun municipio galego durante un ano como mínimo.
- c) Toda persoa que posúa a cidadanía galega por nacer en Galicia.

**6. Que deben garantir os poderes públicos de Galicia?**

- a) O uso normal e oficial do galego, como única lingua oficial de Galicia que é.
- b) O uso normal e oficial dos dous idiomas, pero potenciando o emprego do galego en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa, e disporán dos medios necesario para facilitar o seu coñecemento.
- c) A non discriminación lingüística, pero potenciando o uso do galego en todas as facetas, pois é a única lingua oficial de Galicia.

**7. Segundo o artigo 9.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), as persoas interesadas:**

- a) Deberán identificarse electronicamente diante das Administracións públicas.
- b) Poderán identificarse electrónicamente diante das Administracións públicas.
- c) Deberán identificarse presencialmente en todas as actuacións diante das Administracións públicas.

**8. Segundo o artigo 14.1 da LPACAP, o medio elixido por unha persoa para comunicarse coas Administracións públicas:**

- a) Deberá manterse, polo menos, ata a finalización do procedemento.
- b) Deberá manterse por un prazo mínimo de seis meses.
- c) Poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	7/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021



9. Cando a persoa interesada, ou o/a seu/súa representante, rexeite a notificación dunha actuación administrativa:

- a) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio.
- b) Darase por non efectuado o tramite.
- c) Paralizarase o procedemento.

10. As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos requisitos previstos no artigo 40.2 da LPACAP, xurdirán efecto a partir da data en que a persoa interesada:

- a) Realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou obxecto da notificación.
- b) Interpoña calquera recurso que proceda.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

11. Como se producirán os actos administrativos segundo o artigo 36.1 da LPACAP?

- a) Por escrito a través de medios electrónicos, agás que a súa natureza esixa outra maneira máis axeitada de expresión e constancia.
- b) Sempre por escrito.
- c) Por escrito, agás que a súa natureza permita outra maneira máis axeitada de xestión e comunicación.

12. Que título da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local leva por rúbrica "O municipio"?

- a) Título II.
- b) Título III.
- c) Título IV.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	8/14







CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

**13. De acordo coa lei reguladora das bases do réxime local:**

- a) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.
- b) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña exclusivamente o seu regulamento orgánico.
- c) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios.

**14. De acordo coa lei reguladora das bases do réxime local, que servizo dos seguintes deben prestarse en todos os municipios?**

- a) Protección civil.
- b) Atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- c) Acceso aos núcleos de poboación.

**15. Que son os documentos externos?**

- a) Son aqueles documentos que envía o organismo de maneira interna.
- b) Son aqueles documentos que envía o organismo cara o exterior.
- c) Ambas respostas son correctas.

**16. O título I da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LPDP) denomínase:**

- a) Principio de protección de datos.
- b) Disposicións xerais.
- c) Dereitos das persoas.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	9/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

**17. A LPDP será de aplicación:**

- a) Aos tratamentos excluídos do ámbito de aplicación do Regulamento xeral de protección de datos polo seu artigo 2.2 se prexuízo do disposto nos apartados 3 e 4 deste artigo.
- b) Aos tratamento sometidos á normativa sobre protección de materias clasificadas.
- c) **Todas son correctas.**

**18. A lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido no artigo:**

- a) 9.3 da Constitución.
- b) 14 da Constitución.
- c) **18.4 da Constitución.**

**19. Aos fins da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, serán criterios xerais de actuación dos poderes públicos a protección da maternidade, con especial atención á asunción pola sociedade dos efectos derivados de:**

- a) O embarazo.
- b) A lactación.
- c) **Todas son correctas.**

**20. O artigo 1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes di:**

- a) As persoas físicas e xurídicas son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes.
- b) **As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes.**
- c) As persoas españolas e os/as emigrantes son iguais ante a lei, e iguais en dereitos e deberes.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	10/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

**21. Que significa no control de accesos a edificios públicos que unha persoa está acreditada?**

- a) Que a debemos identificar sempre para comprobar a súa identidade mediante DNI.
- b) Que dispón de elementos físicos ou electrónicos que confirman que está autorizada a acceder ao edificio tras someterse ao proceso de control.**
- c) Que se debe someter a inspección e exame dos obxecto que porta.

**22. A información de tipo xeral pode solicitarse:**

- a) Unicamente por escrito.
- b) Mediante instancia presentada no Rexistro.
- c) Verbalmente, por teléfono, por escrito e de forma telemática.**

**23. En caso de entrada de material ao edificio, que documento deberá comprobar para confirmar que a entrega se efectúa de forma correcta?**

- a) A factura co IVE engadido.
- b) O albará de entrega.**
- c) O contrato de garantía.

**24. Mediante que servizo de correos se permite recibir contestación por carta dos clientes sen custo algún para eles/as?:**

- a) Selo de correos.
- b) Valixa.
- c) Franqueo en destino.**

**25. Non é un sistema de franqueo:**

- a) Os selos de correos.
- b) As cartas-sobre con selos ou signos distintivos previamente estampados.
- c) Os paquetes normalizados con selos estampados.**

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	11/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

29 JUL 2024



**26. O caixón de recepción situado nas oficinas de correos no que se pode recibir calquera envío postal, denomínase:**

- a) Buzón.
- b) Consigna.
- c) Apartado de correos.

**27. A identificación de envíos de franqueo pagado realízase:**

- a) Mediante a impresión mecánica dun rectángulo na esquina superior dereita do sobre.
- b) Mediante un selo.
- c) Mediante a impresión dun rectángulo no reverso do sobre.

**28. Son recados fóra do centro de traballo mentres estás en horario laboral:**

- a) Comunicar mensaxes a un/unha compañeiro/a de traballo.
- b) Imprimir documentos.
- c) Entregar documentos oficiais noutra sede.

**29. Os recados cualifícanse en:**

- a) Se son fóra ou dentro do centro de traballo.
- b) Pola súa urxencia ou importancia.
- c) Ambas son correctas.

**30. Como se comunica unha anomalía?**

- a) Mediante chamada ou correo electrónico ao departamento correspondente.
- b) Non comunicamos nada xa que non é unha das tarefas que temos que realizar.
- c) Anotar data, lugar e anomalía. Identificar si a anomalía é importante ou urxente. Comunicar a anomalía.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	12/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
 PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
 ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021

## PREGUNTAS DE RESERVA

**1. De acordo coa lei reguladora das bases do réxime local, quen pode exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias de competencia municipal?**

- a) Os/as veciños/as que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais.
- b) Os/as veciños/as que gocen do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións municipais.
- c) Toda a veciñanza.

**2. Que é a circulación interna da paquetería e documentación?**

- a) Refírese aos documentos e paquetes cuxos/as destinatarios/as sexan persoas doutro organismo.
- b) Refírese aos documentos e paquetes cuxos/as destinatarios/as sexan persoas do mesmo organismo.
- c) Ambas son correctas.

**3. Cando atendemos ao público considérase un fallo na comunicación:**

- a) Entender o que queremos entender.
- b) Establecer un clima agradable.
- c) Ser comprensivo/as coas circunstancias da persoa interlocutora.

**4. As disposicións do Título VIII da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, serán de aplicación aos procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos nos supostos nos que:**

- a) Investigue a existencia dunha posible infracción do disposto no Regulamento (UE) 2016/679.
- b) Investigue a existencia dunha posible infracción do disposto na presente lei orgánica.
- c) Todas son correctas.

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	Fecha y Hora	01/08/2024 14:44:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	Página	13/14





CONCELLO DE VIVEIRO  
PROCESO SELECTIVO RECEPCIONISTA PISCINA (TEMPO PARCIAL)  
ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 20/2021



**5. Aos fins da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, serán criterios xerais de actuación dos poderes públicos a adaptación de medidas necesarias para erradicar:**

- a) A violencia de xénero.
- b) A violencia familiar.
- c) A feminización da pobreza.**

	IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ	<b>Fecha y Hora</b>	01/08/2024 14:44:09
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE FERREIRO FERNANDEZ (Tesorero)		
<b>Firmado por</b>	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Firmado por</b>	Mª ÁNGELES RIVAS VÁZQUEZ (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQGA5HX7J3OH6UIYW45ABMQ</a>	<b>Página</b>	14/14

